



Recordatorio de deberes legais dirixido ao Concello de Porqueiro para que proceda á revisión do expediente de solicitude de acceso á licenza, e agás que quede acreditado no mesmo a existencia dalgún límite dos establecidos nos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, ou conorra algunha das causas de inadmisión do artigo 18 da mesma Lei, se conceda o acceso ao mesmo.

Expediente B.10.Q/7094/21

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2021

Sra. Alcadesa:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito presentado con data do 30 de xuño de 2021, por [REDACTED] pola falla de contestación do Concello de Porqueira á súa solicitude presentada con data do 20 de maio de 2021, de obtención de copia cotexada da notificación de Licenza Municipal da construción, ou emisión de certificado do Concello, na que se faga constar a data da licenza municipal de construción e que esta se corresponda coa edificación situada na parcela [REDACTED].

ANTECEDENTES

A queixa foi admitida a trámite, iniciándose un procedemento informal e sumario no que, con datas do 6 de xullo e 2 de setembro de 2021, ao Concello de Porqueira.

Con data do 3 de setembro de 2021, o Concello remite informe no que comunica que por erro a contestación foi enviada ao Valedor do Pobo en data 27 de xullo de 2021.

Na dita contestación comunica que non se lle puido expedir nin procede legalmente expedir ao solicitante a copia cotexada ou informe solicitados porque, revisados so correspondentes expedientes, a licenza de obra e mais a posterior licenza de actividade solicitadas e outorgadas para as construcións ubicadas na finca de referencia, figuran e constan solicitadas e outorgadas a favor de persoa diferente do solicitante, polo que, en salvagarda dos dereitos desta persoa legalmente solicitante e titular das correspondentes licenzas e o seu dereito á

confidencialidade e protección de datos, sen que polo solicitante se aportase xustificación da súa condición de interesado, non se expediu.

CONSIDERACIÓNS

Primeira.- Da documentación remitida polo interesado e da contestación ao requirimento de información remitida polo Concello de Porqueira, constátase o seguinte

- Existe unha solicitude de obtención de copia dunha licenza municipal de construción, ou emisión de certificado do Concello sobre unha edificación situada nunha parcela identificada.
- Non consta que o Concello resolverse a solicitude presentada.
- O Concello considera que non procede expedir o solicitado por canto o a licenza non foi solicitada nin outorgada ao Sr. ■■■■■, senón a outra persoa distinta e o reclamante non aportou xustificación da súa condición de interesado.

Segunda.- Os artigos 12 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno e 24 da Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e Bo Goberno, recoñecen o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, nos termos previstos no artigo 105. b) da Constitución Española. Por información pública de acordo coa dita normativa, débese entender o contido ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que figuren en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación da Lei (entre os que se atopan os concellos) e que fosen elaborados ou adquiridos no exercicio das súas funcións.

Pola súa banda, a previsión normativa do acceso á información urbanística, atópase recollido no artigo 5 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, que recoñece a todo cidadán o dereito a acceder á información de que dispoñan as Administracións Públicas sobre a ordenación do territorio, a ordenación urbanística e a súa avaliación ambiental, así como obter copia ou certificación das disposicións ou actos administrativos adoptados, nos termos dispostos pola súa lexislación reguladora e a ser informados pola Administración competente, de forma completa, por escrito e en prazo razoable, do réxime e as condicións urbanísticas aplicables a un predio determinado, nos termos dispostos pola súa lexislación reguladora.

O recoñecemento da acción pública en materia urbanística fai que se poida recoñecer un interese lexítimo e directo a calquera cidadán polo mero feito de que pretenda exercer un control da legalidade, como é o caso de querer revisar unha licenza de obras. Neste senso, a Sentenza da Sala do Contencioso do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid do 27 de xaneiro de 2004, establece que dado que calquera cidadá pode verificar o cumprimento da legalidade

urbanística, debe ter acceso á totalidade dos acordos pronunciados nesta materia, entre os que se atopan os expedientes de licenza de obras.

Nos casos nos que o acceso á información solicitada poida afectar a dereitos ou intereses de terceiros debidamente identificados, como é o caso, de conformidade co disposto no artigo 19.3 da Lei 19/2013, a Administración actuante deberá concederlles un prazo de quince días para que poidan realizar as alegacións que estimen oportunas, e informando ao solicitante desta circunstancia, así como da suspensión do prazo para ditar resolución ata que se reciban as alegacións ou transcorra o prazo para a súa presentación.

Débase ter en conta que a simple oposición do terceiro interesado, non xustifica por si mesma a denegación da información solicitada. O acceso a unha información pública só pode ser denegada para protexer outros dereitos ou intereses, e unicamente nos casos nos que se acredite no expediente que concorre na información solicitada, algún dos límites establecido nos artigos 14 ou 15 da referida Lei 19/2013 (protección de datos de carácter persoal, intereses económicos e comerciais, propiedade intelectual, prevención de ilícitos penais ou administrativos etc..), pode limitarse o acceso, debendo concederse o acceso parcial nos casos nos que o límite non afecte á totalidade de información. A aplicación dos límites, nos casos nos que a solicitude de acceso entra en conflito con outros intereses protexidos, deben aplicarse unicamente atendendo a un test de dano (do interese que se salvagarda co límite) e ao test do interese público na divulgación, e a limitación, debe ser sempre proporcionada, xustificada e limitada polo seu obxecto e finalidade. No caso de que acceso á información afecte de forma directa á protección dos datos persoais (art. 15), a Lei contempla a posibilidade da súa disociación, de forma que impida a identificación das persoas afectadas.

De acordo co anterior, procede que por parte do Concello se revise o expediente de solicitude de acceso á licenza, e agás que quede acreditado no mesmo a existencia dalgún límite dos establecidos nos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, ou concorra algunha das causas de inadmisión do artigo 18 da mesma Lei, se conceda o acceso ao mesmo.

Por todo o exposto ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Porqueira o seguinte:

RECORDATORIO DE DEBERES LEGAIS

Que por parte do Concello se proceda á revisión do expediente de solicitude de acceso á licenza, e agás que quede acreditado no mesmo a existencia dalgún límite dos establecidos nos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, ou concorra algunha das causas de inadmisión do artigo 18 da mesma Lei, se conceda o acceso ao mesmo.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación e do recordatorio de deberes legais formulado, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, o Valedor do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando o Valedor do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se consegue.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo